

SME/ov

Expte. nº 2019012994

ASUNTO: PROPOSTA PARA A CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRA "ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0307 PESO-CAROI, ENTRE OS P.Q. 4+000 E 6+000 (A LAMA)"

O técnico que subscribe, en uso das competencias que ten asignadas e de acordo co disposto no artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, eleva o seguinte

INFORME-PROPOSTA

ANTECEDENTES

A Xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia. Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Cumprindo co novo Decálogo de Criterios, e co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído, a Deputación de Pontevedra está concienciada na necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Por ese motivo redáctase o proxecto de "Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0307 Peso-Caroi, entre os P.Q. 4+000 e 6+000 (A Lama)", co fin de levar a cabo unha actuación de ensanche e mellora do firme no tramo indicado.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 0307, que transcorre polos termos municipais de A Lama e Cerdedo-Cotobade, e ten unha lonxitude total de 8.855 m.

Actualmente o tramo que se pretende mellorar, trátase dunha zona estreita debido a que a estrada discorre a media ladeira existindo nas súas marxes grandes desniveis, edificacións e formacións rochosas.

O viario actual é de dobre sentido de circulación, sen delimitar os carrís cun ancho total de calzada de entre 3 e 4 metros, sen beiravías nin bermas, e onde o firme

actual é deficiente, non cumprindo coas funcións básicas necesarias para que os usuarios circulen con total seguridade.

FEITOS

Primeiro.- En base aos antecedentes mencionados propónse a contratación da execución do proxecto de "ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0307 PESO-CAROI, ENTRE OS P.Q. 4+000 E 6+000 (A LAMA)" redactado de forma externa polo enxeñeiro D. Sergio Daniel Orosa López, pertencente á empresa PROYESTEGAL, S.L., o cal pretende a ampliación da plataforma viaria entre o P.Q. 4+000 e o P.Q. 6+000, co fin de dotalo dunha cuneta de seguridade de 1 metro de ancho na marxe dereita, beiravías de 0,5 metros por ambas as marxe, carrís de 2,75 m. e unha berma pola marxe esquerda de 0,5 m.

Para iso será necesaria a construción de varios muros de sostemento de mampostería de 2 a 3 metros de altura. Así como o desmonte do noiro lateral da marxe dereita do viario cunha pendente 0.6:1 ata alcanzar o ancho desexado.

Será preciso o retranqueo dalgúns peches de parcelas e barreiras de protección, así como a substitución e/ou ampliación das obras de drenaxe existentes.

Realizarase a demolición do paquete de firme existente e da base. Ademais, repoñeranse a capa de rodaxe de 0,06 m. sobre outra capa de grava emulsión de 0,15 m. apoiada nunha base de saburra de 0,15 m. para completar o paquete.

As beiravías executaranse co mesmo pavimento que a vía e as bermas cun paquete de firme de 0,21 m. de grava emulsión sobre unha base de saburra de 0,15 m.

Por último, será preciso a execución e mellora dunha serie de obras de drenaxe transversal, debido ao seu estado de deterioro na actualidade.

As obras desenvolveranse en dominio público da estrada e zona contiguas, as cales foron postas a disposición desta Deputación polo Concello de A Lama mediante os acordos de cesión que obran no presente expediente.

Segundo.- Achégase copia do proxecto, en formato dixital asinado electrónicamente cun orzamento de execución da obra por importe de 777.010,62 € (G.X. e B.I. incluídos) máis 163.172,23 € correspondentes ao 21% de IVE, resultando un orzamento base de licitación de *Novecentos corenta mil cento oitenta e dous euros con oitenta e cinco céntimos* (940.182,85 €).

O proxecto conta coa supervisión favorable por parte da oficina técnica do Servizo de Mobilidade segundo informe de supervisión que se achega de data 07/11/18.

Terceiro.- O orzamento do contrato axústase a prezos de mercado en cumprimento dos artigos 100.2 e 101.7 da LCSP e os investimentos necesarios para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra segundo o seguinte cadro, o cal quedará condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe total con IVE |
|------------|-------------------------|-----------------------|
| 2019 | 456.4530.612.01.2017 | 940.182,85 € |

Cuarto.- Considérase suficiente prazo para a execución das obras comprendidas no proxecto de referencia o de OITO (8) MESES.

Quinto.- Dada a natureza dos traballos que se levarán a cabo é preciso por de manifesto que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo os mesmos, polo que serán adxudicados á unha empresa externa mediante o procedemento de contratación pertinente de acordo coa lexislación vixente, e entendemos que éstas obras se corresponderían coa tipoloxía recollida no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, "Contrato de Obras", encadrado neste caso, no art. 232 grupo "a) Obras de primeiro establecemento, reforma ou gran reparación".

Sexto.- En cumprimento do artigo 99 da Lei 9/2017 e aos efectos de xustificación, infórmase que non é factible a división en lotes da obra para a súa execución por unha pluralidade de contratistas independentes xa que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico ao ser necesario coordinar a execución de todas as unidades de obra.

Sétimo.- Proponse o nomeamento para levar a cabo a dirección de obra do presente proxecto ao Enxeñeiro Xefe dos Servizos Técnicos de Mobilidade, D. Francisco Alonso Fernández.

Oitavo.- Proponse a adxudicación do contrato atendendo á mellor relación calidade-prezo, aplicando criterios cualitativos e un criterio relacionado cós costes como o prezo.

Respecto dos criterios que dependen de xuízo de valor, están todos vinculados ó obxecto do contrato, están formulados de maneira obxectiva e permiten mellorar a calidade da prestación xa que:

- Demostran por parte do licitador o coñecemento da actuación, dos seus condicionantes, da súa programación temporal e dos medios precisos para levar a cabo a obra da mellor forma posible.

- O licitador propón medidas para reducir as afeccións de desvíos de tráfico peonil e rodado.
- O licitador propón medidas para reducir os impactos da obra no medio ambiente, incluídas as emisións e a produción de residuos.
- O licitador propón un plan de autocontrol que garantiza a calidade do proceso construtivo.

Por todo o anteriormente exposto, dáse traslado do presente proxecto ao servizo de Contratación para iniciar a tramitación do expediente para adxudicar a realización da devandita obra de conformidade coa lexislación vixente.

Pontevedra, a 25 de Marzo de 2019

A Xefatura dos Servizos Administrativos,

A Xefatura dos Servizos Técnicos,


Sonia Mateos Escudero


Francisco Alonso Fernández



Conforme
O Deputado Delegado,


Uxío Benítez Fernández